



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Revocación delegacións e modificación composición xunta de goberno e nomeamento de tenentes de alcalde

ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2023/X999/000175

Por resolución ditada en data 30 de agosto de 2024, Decreto nº 347/2024, o Sr. Alcalde resolveu :

PRIMEIRO.- Revogar a delegación de competencias aprobada por resolución 366/2023 da área de Cultura, Deportes, Xuventude, Participación Cidadá e Protección Civil no concelleiro Don Francisco Javier Bello Hermida así como deixar sen efecto o seu nomeamento como 2º Tenente de Alcalde e membro da Xunta de goberno local, todo isto a partir del 31/8/2024 .

SEGUNDO.- Notificar este decreto ó concelleiro D. Francisco Javier Bello Hermida en cumprimento do establecido no artigo 114.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización , funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Trasladar os servizos administrativos encargados da xestión de nóminas e seguridade social a baixa do concelleiro na seguridade social por estar desempeñando cargo con dedicación exclusiva , a partir do 31/8/2024. Trasladar este decreto ós departamentos municipais de deportes, xuventude , participación cidadá e protección civil para o seu coñecemento aos efectos oportunos.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Concello de Carral, 30 de agosto de 2024

O Alcalde

Francisco Javier Gestal Pose



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Organización/ nomeamento dos concelleiros adscritos a cada área

ANUNCIO

ORGANIZACIÓN/ NOMEAMENTO DOS CONCELEIROS ADSCRITOS A CADA ÁREA

Por resolución dictada en data 30 de xuño de 2023, Decreto n.º 366/2023, o Sr. Alcalde acordou:

Primeiro.- Delegar nos/as seguintes Señores/as Concelleiros/as as seguintes áreas de goberno municipal. Tales delegacións comprenden a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, mais con reserva para esta Alcaldía das atribucións indelegables en relación a aquelas, da representación institucional neses ámbitos, da sinatura de escrituras públicas e convenios, e da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros/as:

- I. Economía e Facenda, Réxime Interior, Recursos Humanos e Seguridade Cidadá: Dona Susana Guimarey García.
- II. Cultura, Deportes, Xuventude, Participación Cidadá e Protección Civil: Don Francisco Javier Bello Hermida.
- III. Urbanismo, Infraestruturas e mobilidade, Obras e Servizos, Medio Ambiente e Medio Rural: Don Javier Lendoiro Santos.
- IV. Sanidade, Educación e Emprego: Dona María Mercedes Caridad López.
- V. Servizos sociais e Igualdade: Dona Inmaculada Mantiñán Ínsua.
- VI. Comercio e Turismo: Dona Natalia Patiño Cañas.

Segundo.- Designar como substitutos da Alcaldía nos órganos colexiados, nos caso nos que sexa preciso aos concelleiros seguintes.

- a) GDR Mariñas-Betanzos: Don Javier Lendoiro Santos.
- b) Consorcio das Mariñas: Don Javier Lendoiro Santos e para os temas relativos a servizos sociais dona Inmaculada Mantiñán Ínsua.
- c) Entidade de conservación do Polígono Industrial dos Capelos: Don Javier Lendoiro Santos.
- d) Consellos escolares dos Centros Educativos existentes no municipio e da Galiña Azul: Dona María Mercedes Caridad López.
- e) Concentración parcelaria: Don Javier Lendoiro Santos.
- f) Asemblea Xeral e Comisión Mixta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: Dona María Mercedes Caridad López e dona Inmaculada Mantiñán Ínsua.
- g) Asociación de Concellos do Camiño Inglés: Dona Natalia Patiño Cañas.

Terceiro.- Notificar persoalmente a presente resolución aos/ás designados/as (que se considerará aceptada tácitamente, agás manifestación expresa no termo de tres días hábiles dende a recepción de tal notificación), remitir anuncio correspondente a esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación nel, e publicalo tamén no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da sinatura desta resolución.

Cuarto.- Dar conta deste decreto ao Pleno do Concello na primeira sesión que se realice en cumprimento do establecido no artigo 38 ROF.

O que se fai público en cumprimento para xeral coñecemento e en cumprimento do establecido na vixente lexislación.

Carral, 12 de xullo de 2023

O Alcalde

Asdo. Francisco Javier Gestal Pose